

Fervenza de Reboreda

Nos últimos días, o Concello de Redondela ven de facer un paseo polo río Alvedosa, na zona da fervenza de Reboreda; nas súas palabras “unha posta en valor”.

Felicítamos ao Concello pola súa posta en valor, de feito, déronse moita présa en darlle publicidade, primeiro no Facebook do Alcalde (non vos esquezades de darlle un *me gusta*), e logo na outra “páxina oficial do Concello”, o Faro De Vigo.

Non estaría mal que tiveran explicado antes con detalle no Consello Parroquial de Reboreda os pormenores de dita obra, tal como ben recollido no regulamento. Así como que tiveran falado cos veciños máis próximos a zona, tal como ven recollido no anteproxecto da obra.

Pero, que fixo o Concello?

O Concello tratou cos propietarios das fincas a cesión do terreo polo que discorre a senda, a cambio de pechar cunha cancela o camiño público que discorre paralelo.

Nos últimos días, son varios os veciños e veciñas que pasaron polo Concello para queixarse do peche dese camiño. Algún/algunha tivo o “atrevemento ou descarro” de preguntar a esta Agrupación polos motivos deste peche, pero non puidemos responder; debido a que dun tempo a esta parte, o acceso a información dentro do Concello está mais que controlada (alomenos para os membros desta agrupación). Por outra parte, estas persoas que viñeron informarse a AER foron debidamente recriminadas pola concelleira de Parques e Xardíns: díxolles que se viñan a informarse a AER, teríamos que ser nós os que lle solucionásemos os seus problemas. Por suposto, os membros desta Agrupación tamén levamos o noso:

- a) que se sempre estamos a montar liortas
- b) que se eramos nós os que tiñamos que avisar ao Concello de que ese camiño era público

Dous días despois desta reprimenda, saíu a primeira publicación no Faro de Vigo, non fora ser que os “*perroflautas*” lles estragaran a primicia.

Queremos facer pública esta anécdota para que se vexa a forma de traballar desta xente que nos goberna. Non son de recibo, por máis que esta obra estea financiada por unha subvención, as présas que se deron para levalas a cabo:

- que non se informe aos veciños/as das actuacións que se van levar a cabo no seu entorno
- que o Concello descoñeza se as zonas afectadas polas súas obras son de titularidade pública
- que para poñer en valor esta fervenza se atravesese a mesma con unha pasarela
- que enganen a un veciño dicíndolle que a cambio da cesión do seu terreo (consta documento de cesión), podería pechar cunha cancela un camiño público (acordo verbal feito pola concelleira de parques e xardíns)
- que debido a esta falta de información e tratos na sombra creouse un conflito entre veciños
- que a pasarela estea suxeita aos propios muíños, muíños con máis de cen anos de antigüidade. (Chegounos un ruxe ruxe de que xa foi a Policía Autonómica a tirarlle fotos a pasarela).

Vemos que a prepotencia, a soberbia e mesmo a ignorancia propician que unha iniciativa adecuada se transforme nun cúmulo de despropósitos na execución.

Xa nos primeiros meses deste mandato, o noso compañeiro Jacinto, nunca esquecido, presentou unha iniciativa para a recuperación da paraxe da ferverza de Reboreda. Hoxe, tres anos despois, nas vésperas das eleccións, vemos unha obra que fala máis da obra que da ferverza. Que amosa máis unha estrutura pseudo-arquitectónica, que unha paraxe natural.

“¡Que bonito!” escóitase de cando en vez. ¿De que falan, da obra ou do lugar?. Esa epidemia que parece afectar a cada un dos que se sentan nunha cadeira política, que os transforma en personalidades de ordeno e mando, dá lugar a estupideces coma as que se poden ver cando alguén, con certa sensibilidade pola natureza e o patrimonio, observa laiado o que se fixo.

Que sinxelo sería terse sentado cos veciños e veciñas, cos moitos usuarios/as que esa ferverza tivo, cos vellos/as do lugar para levar a cabo unha recuperación, “RECUPERACIÓN”, da paisaxe e da historia viva do pobo.

Podemos dicir que este é un exemplo daquela frase clásica “cortar as árbores para ver o bosque”. Para ver a ferverza, poñemos unhas escaleiras enriba e tapamos os muíños. Non só tapamos os muíños, senón que suxeitamos as escaleiras no propio muíño e achegámolas ata pegalas ao mesmo muíño. Todo iso habendo un camiño, xa feito, arredor dos muíños. Parece propio dunha actitude inconsciente ou propia da ignorancia, actitude daquel que tendo cartos non sabe que facer con eles e adícase a comprar sen sentido cousas que non precisa.

Ademais, temos serias dúbidas sobre a consistencia dunha estrutura fixada con arames e pousada sobre o mesmo río. Veremos cando veñan as enchentes. A todo isto, observamos como a outra beira do río constitúe unha vía de acceso sinxela e de baixo custe. ¿Para cando a recuperación da senda por esa beira?. Esperemos que non sexa por non molestar aos propietarios.

En fin, “Unha boa idea executada por alguén sen a máis mínima capacidade para xestionar un proxecto coma este”. Insistimos: soberbia e prepotencia que cando van xuntas conducen facer mal as cousas.

Dende esta Agrupación estamos totalmente de acordo coa recuperación do noso patrimonio, dos nosos litorais e dos nosos ríos; pero non a calquera prezo. Entendemos que a colocación desta pasarela sobre a propia ferverza é unha equivocación, tanto medioambiental como paisaxística, xa que a beleza deste espazo natural estaba implícito, non necesitaba da talla de árbores nin da incrustación da citada pasarela.

Pra rematar, dicir que tamén nos parece moi perigosa a súa colocación na zona de desaugadoiro da canle dos muíños, xa que o río transcorre con moita forza e caudal por esa zona no inverno, por non falar dos restos de pólas, árbores e incluso lixo que arrastrará coas súas crecidas, e que probablemente quedarán incrustados neses piares ofrecendo resistencia ó paso da auga. Quédanos claro que non se seguiu ningún criterio de seguridade para a construción desta pasarela, lembramos os problemas do paseo a Portela coas continuas caídas e o peche ó tránsito na tempada invernal, achacables en boa parte á súa falta de mantemento, por non falar da falta de accesibilidade desta pasarela.

Apoiamos a posta en valor dos nosos ríos pero non desta maneira.

P.D.- A cancela do camiño xa a retiraron. “Preferimos facer a obra e logo arranxar os problemas” o alcalde dixit. O veciño que cedeu o terreo quedou sen terreo e sen cancela, foi vilmente enganado pero non vos preocupedes xa se encargaron de dicirille que a culpa, como non, foi de AER.